



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

## **Programación de Fagot**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



**curso 2018/2019**

**PROFESOR: Alejandro Valcárcel**





## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>6</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>8</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>9</b>
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>10</b>
1.1	Curso: 1º Curso de grao elemental.....	10
1.2	Curso: 2º Curso de grao elemental.....	16
11.	Contidos.....	16
1.	Avaliación.....	17
1.3	Curso: 3º Curso de grao elemental.....	21
1.4	Curso: 4º Curso de grao elemental.....	26
1.5	Curso: 1º Curso de grao profesional.....	32
1.6	Curso: 2º Curso de grao profesional.....	38
1.7	Curso: 3º Curso de grao profesional.....	43
1.8	Curso: 4º Curso de grao profesional.....	49
1.9	Curso: 5º Curso de grao profesional.....	54
1.10	Curso: 6º Curso de grao profesional.....	61
4.1	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	68
4.2	Probas de acceso a outros cursos.....	70
4.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	72





## 1. Introducción

---

En primeiro lugar, convén explicar que entendo por programación didáctica. Toda actividade docente que pretenda acadar o éxito precisa dunha planificación na que se concreten os obxectivos que a nosa actividade se propón, coa finalidade de orientar, dirixir e planificar coherentemente os procesos de intervención educativa.

Podemos entender que unha programación didáctica é un plan de actuación, unha forma de organizar a actividade docente, dándolle unha estrutura coherente coas características do ensino e coas circunstancias nas que se produce (atendendo ao tipo de centro, zona, características do alumnado e das familias, etc.), sempre tendo como referente o currículo establecido oficialmente.

Este proceso de sistematización da acción educativa permite:

- Concretar os obxectivos que a actividade docente se propón e os medios dos que dispoñemos para conseguilos.
- Unificar criterios de actuación racionalizando as tarefas docentes, potenciando as capacidades do alumnado e favorecendo o seu crecemento persoal e profesional.
- Xerar motivación e incentivos para o traballo conxunto de profesorado e alumnado.
- Coordinar a participación e implicación de toda a comunidade educativa.
- Desenvolver unha avaliación formativa interna periódica da acción educativa en base aos resultados obtidos da aplicación da programación.

Segundo a Lei de Normalización Lingüística vixente e o aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica no curso 2008/9, a esta asignatura de Fagot se desenvolverá en galego.

**Esta programación terá un carácter aberto e flexible, de tal xeito que trate de adaptarse ás necesidades educativas diferenciadas do alumnado, do contexto e do centro.**

Características do centro





A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filharmónica de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

#### Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os





seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

### Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.





- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## 2. Metodoloxía

---

### a) Principios xerais.

No desenvolvemento da presente programación didáctica, como norma xeral, tratarei de acomodar o proceso de ensino e aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno, o que poderá traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación. A metodoloxía que empreguemos sempre será aquela que trate de que o alumno disfrute coas actividades e así aumente o seu interese e a súa iniciativa e implicación no proceso. Isto pode conseguirse seguindo unha serie de criterios metodolóxicos (que son a base do construtivismo):

- Basearnos na aprendizaxe activa, funcional e significativa.
- Crear un ambiente de seguridade e confianza.
- Adecuar as circunstancias de aprendizaxe ao alumno.







- Traballar nun enfoque comunicativo e colaborador.

Existen, ademais uns **principios metodolóxicos xerais** que orientarán a nosa práctica educativa e que poden ser resumidos nos seguintes:

- Favorecer o desenvolvemento da personalidade e da sensibilidade musical.
- Estimular a receptividade, a capacidade de resposta e a creatividade do alumno ante o feito artístico e musical.
- Impulsar a autonomía do alumno e a súa implicación responsable.
- Fomentar a avaliación e a análise crítica do proceso de ensino e aprendizaxe.
- Realizar unha avaliación individual que sirva como punto de referencia para a actuación didáctica docente.
- Poñer en práctica un traballo docente conxunto, coordinado e coherente.

#### **b) Principios específicos.**

- Distribución temporal e progresiva dos obxectivos e contidos de xeito que se produza unha aprendizaxe sumativa.
  - Desenvolver os obxectivos de carácter técnico a través de diversos exercicios que melloren a axilidade na lectura e na interpretación instrumentais.
  - Desenvolver aspectos interpretativos tales como afinación, calidade do son, matices, etc, mediante estudos melódicos que contribúan a mellorar o fraseo e a musicalidade.
- No que respecta á metodoloxía diaria de traballo na aula distribuirei as clases, con carácter xeral, en dúas partes, unha primeira de traballo técnico e a segunda de traballo de interpretación.

A primeira parte adicarase a:

- Exercitación e mellora da respiración, coa finalidade de potenciar a capacidade pulmonar e columna de aire.
- Notas sostidas, para acadar a máxima calidade do son e a mellora da afinación.
- Exercicios de escalas e arpejos que axuden a obter o afianzamento nas posicións das notas, axilidade técnica, e a máxima extensión sonora que sexa posible.





A segunda parte constará de exercicios de interpretación de obras, exercicios, métodos... Neste traballaranse aspectos tales como a lectura, a interpretación e a musicalidade das obras e o axuste métrico. Sen esquecer, por suposto, o traballo técnico da primeira parte.

### 3. Atención á diversidade

---

Para unha adecuada atención ao alumnado que poida presentar n.e.a.e., cando un alumno se incorpore por vez primeira ao centro, procederase á recollida de información de datos a través dunha avaliación inicial. En función das necesidades que presente o alumno adoptaranse unha serie de medidas de reforzo ou adaptación.

As dificultades máis habituais que nos podemos atopar nos conservatorios, son basicamente de 3 tipos. Un primeiro caso é o alumno de altas capacidades para o cal, despois dunha valoración das súas capacidades potenciais, daráselle material adecuado. Nos casos de alumnado de integración tardía fomentárase a súa integración social, e se existen problemas co idioma trátase de proporcionar os textos escritos traducidos. En canto ao alumnado con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais adoptaranse medidas de reforzo educativo tales como a adaptación da metodoloxía de traballo, dos materiais e os espazos... de xeito que se minimicen as dificultades de acceso ao currículo. Tendo en conta o indicado no Decreto 203 -2007 en canto ao alumnado con discapacidade, temos o deber de ofrecer apoios e recursos ao alumnado que o precise, pero e segundo a lexislación, este alumno con n.e.a.e deberá de tódolos xeitos acadar os obxectivos xerais establecidos.







## 4. Temas transversais

---

### 4.1.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumno sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumno en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico, sensibilidade cara a cultura en xeral, etc..

### 4.1.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A relación e co-evolución da música coa tecnoloxía non é nova, foi sempre ligada a instalacións existentes en cada período para organizar o son aceptadas desde o punto de vista estético.

Pero a aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías (novas tecnoloxías) levou, hoxe, unha nova revolución, permitindo o crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo - música.

O CCF inclúen, entre outros, os seguintes utilidades no seu software DAW, permitir que:

- Editar partituras.
- Facer gravacións.
- Retardar unha interpretación de acordo coas necesidades do momento.
- Soster interaccións multimedia da imaxe, audición, vídeo, animación, texto, etc.
- Introducir instrumentos.
- Estudo, con acompañamento musical, sen intérpretes.
- Usar correccións técnicas en tempo real ou en diferido.

Todas as vantaxes que proporcionan as Tic,s teñen unha influencia positiva no proceso de aprendizaxe:

- permitir que en pouco espazo combinan música, imaxe e movemento.





- facilitar o traballo do profesor.
- permitir desenvolver competencias e habilidades para afrontar a sociedade de hoxe, tan fortemente influenciado pola tecnoloxía.
- facilitar e motivar para o estudo e comprensión dos instrumentos da orquestra sinfónica.
- servir para motivar e estimular os alumnos cos medios que sempre motivan preto da súa experiencia cotiá.
- facilitar e aproximarse ao estudo da música a calquera persoa que teña o Internet, grazas a propostas de aprendizaxe musical.
- permitir a converxencia de educación, cultura, imaxe e son, fomentar a creatividade.
- servir como un punto de partida para actividades de expresión vocal e instrumental.
- promover a aprendizaxe das competencias determinadas.
- facilitar a visión e consumo musical.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

Neste senso no conservatorio lévanse a cabo actividades tales como a “Semana de Santa Icíá”, “Semana da Muller”, “Semana da Música Galega”, “Concerto de Nadal” e outros extraordinarios, etc.

## **6.**

### **1.1 Curso: 1º Curso de grao elemental**

#### **1.1.1 Obxectivos para o 1º curso de grao elemental**

- 1 - Adquirir os fundamentos dunha posición corporal correcta buscando a tonicidade muscular adecuada de tronco e extremidades, tanto sentado como erguido.
- 2 - Conseguir unha toma de aire (inspiración) o máis relaxada e profunda posible.
- 3 - Adoptar unha posición da embocadura que permita obter un son centrado e de calidade.





- 4 - Descubrir as diferentes opcións de emisión do son: primeiro só con aire para despois ir introducindo pouco a pouco o funcionamento da lingua.
- 5 - Iniciación do sentido da afinación.
- 6 - Desenvolver o hábito de coidado e mantemento do fagot.
- 7 - Coñecer e utilizar a clave de Fa.
- 8 - Memorizar pequenos fragmentos musicais e escalas.
- 9 - Coñecer as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación atopadas nos textos musicais propostos para este curso.
- 10 - Coñecemento da morfoloxía do fagot.
- 11 - Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

### 1.1.2 Contidos

- 1 - Control, dominio e rectificación da posición corporal do alumno co instrumento mediante a axuda dun espello.
- 2 - Exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tenidas e práctica de bostezos respectivamente).
- 3 - Exercicios de embocadura e emisión (só cana, instrumento completo).
- 4 - Exercicios de afinación sobre intervalos de cuarta, quinta e oitava xustas así coma unísonos (clase colectiva).
- 5 - Escalas e arpexios de FaM e DoM en diferentes articulacións e figuracións.
- 6 - Escala de Do maior e Fa maior.
- 7 - Exercicios de memorización e interpretación.
- 8 - Mantemento e coidado do instrumento.





### 1.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

-Emitir ca cana mi, fa e fa sostido. Con este criterio se avalía a presión que se precisa para acadar unha correcta afinación e un bo timbre.

- Emitir un son estable en afinación e timbre durante tres redondas, con unha velocidade de negra igual a 60. Con este criterio se pretende comprobar o control do aire mediante a respiración diafragmática, a gorxa, lingua e embocadura, e a capacidade pulmonar.

- Executar a escala de Do, Fa e Sol maiores ata o Sol2 , así como os exercicios de extensión, en diferentes articulacións, sobre os tetracordos das mesmas tonalidades a unha velocidade de negra igual a 100. Con este criterio se avalía a correcta posición do corpo, instrumento e dedos, así como a sincronización da lingua co mecanismo.

#### Mínimos esixibles

##### **PRIMEIRA AVALIACIÓN**

- 1 - Escala e arpexio de FaM. Extensión de Sol1 a Fa2
- 2 - Peter Wastall; ""Aprende tocando el fagot"" Unidades 1 , 2
- 3 - Posición correcta do corpo e mans.

##### **SEGUNDA AVALIACIÓN**

- 1 - Escalas Sol M e Fa M. Extensión de Sol1 a Fa2
- 2 - Escala e arpexios de FaM e SolM no rexistro grave en diferentes articulacións.
- 3 - Peter Wastall, ""Aprende tocando el fagot"" Unidades 3,4
- 4 - Posición correcta do corpo e mans.

##### **TERCEIRA AVALIACIÓN**



- 1 - Escalas de Do Maior e Fa M. Extensión desde o Do grave ao sol medio.
- 2 - Escala e arpeixio de DoM ( do1 sol2) en diferentes articulacións.
- 3 - Peter Wastall: "Aprende tocando el fagot" unidades 5,6
- 4 - Posición correcta do corpo e mans.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

**1-Traballo persoal diario:** A observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumno.

**2-Caderno de actividades do alumno:** A información recollida polo alumno tamén é un procedemento directo de comprobalo grao de comprensión e captación dos coñecementos por parte do alumno.

**3-Audición Pública:** Interpretación, musicalidade, ritmo técnica e presenza escénica.

**4-Probos prácticos (controis):** Ademais de valoralos coñecementos do alumno, axuda a comprobar como se desenvolve o alumno nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal.

### Criterios de cualificación

Os instrumentos de avaliación serán o caderno de aula, a audición técnica e a audición pública, quedando os criterios de cualificación na rúbrica (anexos) e a ponderación dos mesmos para 1º de G.E. do seguinte xeito:

CADERNO DE AULA (80%): CA1 15%, CA2 14%, CA3 10%, CA4 2%, CA5 8%, CA6 3%, CA7 8%, CA8 5%, CA9 5%, CA10 0%, CA11 10%

AUDICIÓN TÉCNICA (10%): AT1 2%, AT2 3%, AT3 5%

AUDICIÓN PÚBLICA (10%): AP1 1%, AP2 1%, AP3 2%, AP4 1%, AP5 1%, AP6 0%, AP7 4%





Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. A non asistencia ás clases poderá supor, da cordo co establecido no NOF do centro, a perda do dereito á avaliación continua.

### **Criteria para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

#### **1.1.4 Medidas de recuperación**

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Para os alumnos que teñan a asignatura pendente ou que suspenderan algunha das avaliacións levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades didácticas







orientadas a reforzar os aspectos precisos. Así mesmo empregaranse as horas de tutoría de alumnos con esta mesma finalidade.

No caso de ter a materia pendente do curso anterior esta será aprobada no momento en que se superen os obxectivos mínimos do mencionado curso.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba para a recuperación da mesma que terá lugar a durante a primeira semana do mes de setembro.

## **CRITERIOS PARA SUPERAR MATERIAS PENDENTES DA AVALIACIÓN CONTINUA**

Na especialidade da aprendizaxe instrumental os obxectivos e contidos mínimos están interrelacionados ao longo de todo o curso, por este motivo o feito de centrarnos nos aspectos non superados en trimestres anteriores non supón a desviación no traballo dos obxectivos xerais do curso. Así pois, no momento no que un alumno supere os obxectivos plantexados, consideraranse superadas as avaliacións anteriores.

### **Probas extraordinarias de setembro**

Para superar as probas de cada curso do Grao Elemental e Grao Profesional, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

#### **1.1.5 Recursos didácticos**

Peter Wastall: “Aprende tocando el fagot”

Julius Weissenborn: “Practical method for the bassoon Op 8 Vol 1”

\* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno en cuestión.





## 1.2 Curso: 2º Curso de grao elemental

### 1.2.1 Obxectivos para o 2º curso de grao elemental

1. Adoptar unha posición corporal correcta ó tocar o instrumento.
2. Afianzar o proceso da respiración costo-abdominal-diafragmática.
3. Adoptar o necesario control dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora en todos os rexistros.
4. Diferenciar e empregar os diferentes tipos de articulación básicos.
5. Mellorar progresivamente o sentido da afinación relativa e de conxunto.
6. Dominar as escalas Do maior, Re maior, Sib maior e Fa maior cos seus relativos menores e escalas de Sol maior e Re maior interpretadas de memoria.
7. Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ao estudo diario.
8. Memorizar fragmentos musicais e escalas programadas no curso.
9. Traballar a música en conxunto nas diferentes formacións.
10. Iniciar a montaxe das canas e o seu preparado.

## 11. Contidos

### 1.2.2 Contidos

1. Control e dominio progresivo da posición corporal ao tocar o instrumento.
2. Exercicios de respiración con e sen instrumento.
3. Exercicios de embocadura e emisión.
4. Inicio rexistro medio-agudo ata o Do3. Alteracións Fa sostido, Do sostido e Sol sostido.





5. Traballo de escalas e arpeخيos sobre as tonalidades programadas no curso en diferentes articulaci3ns.
6. Interpretaci3n e memorizaci3n (cando proceda) dos textos musicais programados no curso.

## 1. Avaliaci3n

### 1.2.3 Avaliaci3n

#### Criterios de avaliacion

- Interpretar estudos e obras, para comprobar a capacidade do/a alumno/a para interpretar con correcta afinaci3n, calidade t3mbrica e expresi3n musical.
- Executar escalas con 2 alteraci3ns propias. Con este criterio se comproba o mecanismo e a elasticidade.
- Realizar exercicios de extensi3n con diferentes articulaci3ns a 130 a negra. Se trata de constatar se o alumno articula de maneira clara e precisa.

#### M3nimos esixibles

#### **PRIMEIRA AVALIACI3N**

- 1 - Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot" unidades 7,8, 9
- 2 - Escalas e arpeخيos Fa maior e Sol maior coas s3as respectivas menores ( arm3nicas e mel3dicas) de memoria todas elas. Extensi3n Do grave ao a agudo. (Do 1 a Do2)
- 5 - Obras con piano: Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot"

#### **SEGUNDA AVALIACI3N**

- 1 - Escalas Sib e Re M. Extensi3n de Sib1 a Re3
- 2 - Escala e arpeخيos de FaM e SolM no rexistro grave en diferentes articulaci3ns.





3 - Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot" Unidades 10,11,12

5 - Obras con piano: Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot"

### **TERCEIRA AVALIACIÓN**

1 - Escalas Sib e Re M. Extensión de Sib1 a Re3

2 - Escala e arpejo de DoM ( do1 sol2) en diferentes articulacións.

3 - Peter Wastall: "Aprende tocando el fagot" unidades 12,13,14

5 - Obras con piano: Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot"

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

**1-Traballo persoal diario:** A observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumno.

**2-Caderno de actividades do alumno:** A información recollida polo alumno tamén é un procedemento directo de comprobalo grao de comprensión e captación dos coñecementos por parte do alumno.

**3-Audición Pública:** Interpretación, musicalidade, ritmo técnica e presenza escénica.

**4-Probas prácticas (controis):** Ademais de valoralos coñecementos do alumno, axuda a comprobar como se desenvolve o alumno nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal.

### **Criterios de cualificación**

Os instrumentos de avaliación serán o caderno de aula, a audición técnica e a audición pública, quedando os criterios de cualificación na rúbrica (anexos) e a ponderación dos mesmos para 2º de G.E. do seguinte xeito:

CADERNO DE AULA (80%): CA1 13%, CA2 11%, CA3 10%, CA4 2%, CA5 8%, CA6 3%, CA7 8%, CA8 5%, CA9 5%, CA10 5%, CA11 10%

AUDICIÓN TÉCNICA (10%): AT1 2%, AT2 3%, AT 5%





AUDICIÓN PÚBLICA (10%): AP1 1%, AP2 1%, AP3 2%, AP4 1%, AP5 2%, AP6 1%, AP7 2%

Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. A non asistencia ás clases poderá supor, da cordo co establecido no NOF do centro, a perda do dereito á avaliación continua.

### **Criteria para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

#### **1.2.4 Medidas de recuperación**

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.





## Procedementos de recuperación ordinarios

2. Para os alumnos que teñan a materia pendente ou que suspenderan alguna das avaliacións levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades didácticas orientadas a reforzar os aspectos precisos. Así mesmo empregaranse as horas de tutoría de alumnos con esta mesma finalidade.
3. No caso de ter a materia pendente do curso anterior esta será aprobada no momento en que se superen os obxectivos mínimos do mencionado curso.
4. Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba para a recuperación da mesma que terá lugar a durante a primeira semana do mes de setembro.

## **5. CRITERIOS PARA SUPERAR MATERIAS PENDENTES DA AVALIACIÓN CONTINUA**

Na especialidade da aprendizaxe instrumental os obxectivos e contidos mínimos están interrelacionados ao longo de todo o curso, por este motivo o feito de centrarnos nos aspectos non superados en trimestres anteriores non supón a desviación no traballo dos obxectivos xerais do curso. Así pois, no momento no que un alumno supere os obxectivos plantexados, consideraranse superadas as avaliacións anteriores.

## Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso do Grao Elemental e Grao Profesional, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.







### 1.2.5 Recursos didácticos

Peter Wastall: “Aprende tocando el fagot”

Julius Weissenborn: “Practical method for the bassoon op 8 vol 1”

Grahan Sheen: The really bassoon book.

\* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno en cuestión.

## 1.3 Curso: 3º Curso de grao elemental

### 1.3.1 Obxectivos para o 3º curso de grao elemental

1. Adoptar unha posición corporal e emprazamento do instrumento correctos.
2. Coñecer e valorar a importancia da respiración costo-abdominal-diafragmática para posibilitar un son estable, centrado e de calidade.
3. Mellorar o dominio da embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
4. Desenvolver o uso das articulacións básicas para conseguir unha maior axilidade e flexibilidade nas propostas musicais do curso.
5. Iniciar ao alumno no uso dos reflexos necesarios para corrixir de forma consciente a afinación así como a calidade do son.
6. Dominar o rexistro dende Si bemol grave ata Sol 3 agudo. Escala de Si bemol maior con distintas articulacións.
7. Desenvolver por sí mesmo un sistema de traballo individual que rentabilice o tempo empregado no estudo diario.
8. Memorizar un estudo ou movemento dunha obra proposta neste curso, así coma as escalas das tonalidades mencionadas anteriormente.





### 1.3.2 Contidos

1. Control e dominio progresivo da posición adoptada ao tocar o fagot.
2. Práctica de exercicios, con e sen instrumento, para continuar desenvolvendo a técnica da respiración costo-abdominal-diafragmática.
3. Práctica de exercicios de embocadura e emisión.
4. Práctica das escalas do curso así coma das súas respectivas escalas por terceiras, en diferentes articulacións e na tesitura proposta nos obxectivos.
5. Interpretación e memorización (cando proceda) dos textos musicais propostos para o curso).

### 1.3.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Interpretar estudos e obras de diferentes estilos con articulación clara, correcta afinación e acorde co estilo.
2. Executar escalas e exercicios de extensión con claridade rítmica, correcta afinación e articulación nas tonalidades practicadas.
3. Interpretar pequenos estudos e obras de memoria coherentemente.

#### Mínimos esixibles

#### **PRIMEIRA AVALIACIÓN**

- 1 - Escala de Mib M.
- 2 - Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot" Unidades 15.16.17
- 3 - Julius Weissenborn, "Practical method for the bassoon" unidades; X .XI,XII





4 – Obra seleccionada para audición dos RECURSOS do curso

### **SEGUNDA AVALIACIÓN**

1 - Escalas Mib M e La M.

2 - Peter Wastall, "Aprende tocando el fagot"; unidades 17,18,19

3 - Julius Weissenborn: "Practical method for the bassoon" unidades XIII,XIV,XV

4 – Obra seleccionada para audición dos RECURSOS do curso

### **TERCEIRA AVALIACIÓN**

1 - Escalas Mib M e La M.

2 - Peter Wastall: ""Aprende tocando el fagot"" unidades 19,20.21

3 - Julius Weissenborn: "Practical method for the bassoon" unidades XVI,XVII,XVIII

4 – Obra seleccionada para audición dos RECURSOS do curso

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

**1-Traballo persoal diario:** A observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumno.

**2-Caderno de actividades do alumno:** A información recollida polo alumno tamén é un procedemento directo de comprobalo grao de comprensión e captación dos coñecementos por parte do alumno.

**3-Audición Pública:** Interpretación, musicalidade, ritmo técnica e presenza escénica.

**4-Probos prácticos (controis):** Ademais de valoralos coñecementos do alumno, axuda a comprobar como se desenvolve o alumno nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal.





## **Criterios de cualificación**

Os instrumentos de avaliación serán o caderno de aula, a audición técnica e a audición pública, quedando os criterios de cualificación na rúbrica (anexos) e a ponderación dos mesmos para 3º de G.E. do seguinte xeito:

CADERNO DE AULA (70%): CA1 13%, CA2 10%, CA3 8%, CA4 2%, CA5 5%, CA6 3%, CA7 5%, CA8 5%, CA9 5%, CA10 5%, CA11 10%

AUDICIÓN TÉCNICA (10%): AT1 2%, AT2 3%, AT 5%

AUDICIÓN PÚBLICA (20%): AP1 2%, AP2 4%, AP3 4%, AP4 4%, AP5 2%, AP6 2%, AP7 2%

Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. A non asistencia ás clases poderá supor, da cordo co establecido no NOF do centro, a perda do dereito á avaliación continua.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.





### 1.3.4 Medidas de recuperación

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que teñan a asignatura pendente ou que suspenderan alguna das avaliacións levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades didácticas orientadas a reforzar os aspectos precisos. Así mesmo empregaranse as horas de tutoría de alumnos con esta mesma finalidade.

No caso de ter a materia pendente do curso anterior esta será aprobada no momento en que se superen os obxectivos mínimos do mencionado curso.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba para a recuperación da mesma que terá lugar a durante a primeira semana do mes de setembro.

#### **CRITERIOS PARA SUPERAR MATERIAS PENDENTES DA AVALIACIÓN CONTINUA**

Na especialidade da aprendizaxe instrumental os obxectivos e contidos mínimos están interrelacionados ao longo de todo o curso, por este motivo o feito de centrarnos nos aspectos non superados en trimestres anteriores non supón a desviación no traballo dos obxectivos xerais do curso. Así pois, no momento no que un alumno supere os obxectivos plantexados, consideraranse superadas as avaliacións anteriores.





## Probas extraordinarias de setembro

Para superar as probas de cada curso do Grao Elemental e Grao Profesional, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor no mes de xuño.

### 1.3.5 Recursos didácticos

Peter Wastall: “Aprende tocando el fagot”

Julius Weissenborn: “Practical method for the bassoon vol 2”

R,Boyle: Little suite

Julius Weissenborn: Arioso e Humoresque op.9

Grahan Sheen: The really bassoon book “Dulcian”

\* O profesor seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno en cuestión.

## 1.4 Curso: 4º Curso de grao elemental

### 1.4.1 Obxectivos para o 4º curso de grao elemental

1. Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza unha correcta colocación do instrumento así coma a coordinación entre ambas as dúas mans.
2. Controlar o aire mediante a respiración costo-abdominal-diafragmática e os músculos que interveñen na embocadura de maneira que posibiliten unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.







3. Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación e a calidade do son.
4. Dominar o rexistro agudo ata o La3 así coma as tonalidades ata con tres alteracións en diferentes articulacións. Estudos de notas novas: Fa#3, Sol3, Sol#3 e A3.
5. Adquirir hábitos e técnicas de estudo que posibiliten a consecución dos obxectivos do curso.
6. Memorizar completamente unha das obras propostas no curso.
7. Coñecer as características e posibilidades sonoras do fagot e saber empregalas tanto na interpretación individual como de conxunto.
8. Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
9. Coñecer unha breve descrición histórica do fagot dende a súa aparición ata os nosos días.
